

Formación transversal
 **INFORMÁTICA**
Instalación e actualización de sistemas operativos
 **Formación acreditable** ⌚ 80 horas 🗂️ *Indistinta*


Adquirir coñecementos e habilidades desde un nivel básico sobre a instalación e a configuración dos sistemas operativos. Identificar as funcións dos sistemas operativos.

Xestionar os recursos do equipo para un funcionamento adecuado.

Manter actualizado e seguro o sistema operativo.

Deseño asistido por ordenador con Autocad
 **Formación acreditable** ⌚ 80 horas 🗂️ *Indistinta*

Adquirir os coñecementos para crear esbozos, pezas, ensamblaxes, planos detallados 2D para contornas de produción, superficies complexas, pezas de chapa, pezas soldadas, estruturas metálicas e moito máis. Ademais, coñecerás centos de ferramentas que che permitirán automatizar os deseños para axilizar todo o proceso de modelaxe.

Deseño industrial con Siemens NX
 **Formación acreditable** ⌚ 80 horas 🗂️ *Indistinta*

Adquirir as destrezas necesarias en canto á configuración e personalización de Siemens NX e adquirir os coñecementos para crear e xestionar tanto pezas como conxuntos ensamblados e xerar planos de produción.


Fundamentos de deseño técnico con Solidworks
 60 horas 🗂️ *Presencial*

Comprender os fundamentos de deseño 3D asistido por computador. Adquirir destrezas na modelaxe con sólidos.


- Adquirir destrezas na modelaxe de ensamblados.
- Adquirir destrezas na modelaxe de superficies.
- Adquirir destrezas na modelaxe de chapa.
- Adquirir coñecementos básicos sobre a documentación dun proxecto técnico industrial.
- Adquirir coñecementos básicos de simulación FEM (elementos finitos)

Deseño asistido por ordenador con Catia
 60 horas 🗂️ *Presencial*

Capacitar o alumnado que traballa na contorna produtiva industrial cos coñecementos suficientes para realizar deseños paramétricos coa ferramenta CATIA V5 (multiplataforma completa para o deseño asistido por ordenador, a fabricación, a enxeñería, 3D e PLM).

MS Project
 60 horas 🗂️ *Presencial*

Aprender a administrar un proxecto de maneira óptima en todas as súas fases coa ferramenta informática Microsoft Project (software de administración de proxectos).

Ofimática: aplicacións informáticas de xestión
 60 horas 🗂️ *Presencial*


Adquirir os coñecementos e as destrezas necesarias para desenvolverse en Windows e utilizar os programas de Microsoft Office: tratamento de textos, folla de cálculo, base de datos e creación de presentacións.

Excel avanzado
 20 horas 🗂️ *Indistinta*


Aplicación e deseño de funcións avanzadas de Excel, traballo con datos externos e interconexión de Excel e Access.

Ofimática básica
 50 horas 🗂️ *Indistinta*

Coñecer o Windows e as súas posibilidades e manexar os distintos programas de Microsoft Office de maneira básica para o tratamento de textos, o cálculo, a utilización de bases de datos e a creación de presentacións.

Ofimática avanzada
 50 horas 🗂️ *Indistinta*


Coñecer o Windows e as súas posibilidades e manexar os distintos programas de Microsoft Office de maneira avanzada para o tratamento de textos, o cálculo, a utilización de bases de datos e a creación de presentacións.

 **PRODUCCIÓN**
Lean Manufacturing
 80 horas 🗂️ *Indistinta*


Analizar a viabilidade da implantación dos métodos do Lean Manufacturing nunha empresa ou planta de produción.

Sensibilización á calidade total: ISO 9000, 9001, 9004 e EFQM
 80 horas 🗂️ *Indistinta*

Diferenciar os modelos e os sistemas de calidade máis eficaces e utilizados.

Implantación de sistemas de xestión de calidade ISO 9001:2015
 80 horas 🗂️ *Presencial*

Proporcionar os coñecementos teóricos necesarios para a implantación dun sistema de xestión da calidade segundo a Norma ISO 9001:2015.


Xestión de proxectos PMP
 80 horas 🗂️ *Presencial*

Coñecer a metodoloxía proposta para a xestión de proxectos polo PMI (ferramenta para minimizar riscos, crear novas oportunidades de negocio) e alcanzar os obxectivos planificados na súa PMBOK.

 **MANEXO DE MAQUINARIA/VEHÍCULOS**
Carné de GUINDASTRE TORRE
 **Carné profesional** ⌚ 210 horas 🗂️ *Presencial*


Dominar o manexo da máquina, coñecer os seus compoñentes, rendementos e usos.

- Organizar e executar o mantemento do guindastre.
- Traballar con altos niveis de produtividade e seguridade co guindastre torre.
- Manter a máquina e os seus compoñentes en óptimas condicións de uso.
- Realizar inspeccións e distinguir a natureza das posibles avarías.
- Valorar a importancia do coñecemento e o mantemento na efectividade e duración das máquinas.
- Ser capaz de superar os exames teóricos e prácticos para a obtención do carné de operador.


Condución de carretillas elevadoras Norma UNE
 20 horas 🗂️ *Presencial*

Ser capaz de utilizar as carretillas nas contornas de traballo nas que se formou.


Ser capaz de realizar as diferentes operacións de manipulación de cargas e coñecer os riscos que poden xerar e as medidas de seguridade que se deben adoptar.

Cualificación inicial de condutores para o transporte de mercadorías (CAP)
 140 horas 🗂️ *Indistinta*

Adquirir as destrezas necesarias para obter o CAP para o transporte de mercadorías.

Manexo de plataformas elevadoras
 20 horas 🗂️ *Indistinta*


Manexar de maneira segura plataformas elevadoras de tesoura (tipo 3a), telescópicas ou articuladas (tipo 3b), eléctricas ou diésel.

Manexo do guindastre ponte
 8 horas 🗂️ *Indistinta*

Adquirir os coñecementos e as habilidades para realizar traballos co guindastre ponte.

Montaxe de estadas apoiadas
 50 horas 🗂️ *Indistinta*

Montar, desmontar, almacenar e conservar diferentes sistemas de estadas e realizar estas accións conforme á normativa de calidade e seguridade.

 **PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**
Formación medio ambiente sector naval
 8 horas 🗂️ *Indistinta*

Introducir o alumnado na terminoloxía básica referida ao medio ambiente.

Introducir o alumnado no coñecemento e na comprensión das causas das principais ameazas e problemas ambientais que afectan a sociedade.

Introducir o alumnado no coñecemento dos impactos directos no medio ambiente derivados da súa actividade no sector naval e dar un decálogo de boas prácticas para minimizar os ditos impactos.

GWO - Basic Safety Training
 **Formación acreditable** ⌚ 48 horas 🗂️ *Presencial*

Proporcionar aos participantes os coñecementos e as habilidades básicas necesarias a través da formación teórica e da práctica para usar os EPI e levar a cabo con seguridade os traballos en altura.

PRL para traballadores en oficinas
 **Formación acreditable** ⌚ 6 horas 🗂️ *En liña*

Este curso ten como finalidade transmitir os riscos e a adopción de medidas preventivas propias do lugar de traballo en oficinas para evitalos.

PRL para oficinas-reciclaxe
 **Formación acreditable** ⌚ 4 horas 🗂️ *En liña*

Este curso comprende contidos relativos ao papel da dirección na integración da prevención na empresa, a organización e planificación preventiva e a prevención como factor de competitividade da empresa.

PRL (C2) traballos de construción, reparación e mantemento naval en estaleiros e peiraos
 **Formación acreditable** ⌚ 20 horas 🗂️ *Presencial*

Este curso comprende contidos relativos ás medidas preventivas en traballos de construción, reparación e mantemento naval en estaleiros e peiraos.

PRL reciclaxe
 **Formación acreditable** ⌚ 4 horas 🗂️ *Presencial*

Aquelas persoas traballadoras que realizaron a formación obrigatoria de 20 horas para o seu oficio, deben realizar un curso de reciclaxe periodicamente.

PRL (C4) traballos de soldadura e oxicorte
 **Formación acreditable** ⌚ 20 horas 🗂️ *Presencial*

Incidirse nos posibles riscos e nas súas correspondentes medidas preventivas.

PRL (C5-C6) operarios de máquinas de mecanizado por arranque de labra ou por abrasión
 **Formación acreditable** ⌚ 20 horas 🗂️ *Presencial*

Para operarios de máquinas ferramenta que dan forma ás pezas a través do arranque de labra ou por abrasión. Entre este tipo de máquinas atópanse os tomos, as fresas, os trades, as cepilladoras, a esmeriladora, a afiadora e a rectificadora.

PRL (C7) operarios de máquinas de mecanizado por deformación e corte do metal
 **Formación acreditable** ⌚ 20 horas 🗂️ *Presencial*

Dirixidos a operarios de máquinas ferramenta que dan forma ás pezas a través da deformación e corte do metal en prensas, pegadoras, cisallas, curvadoras, perfiladoras.

PRL (C12) traballos de mecánica, mantemento e reparación de máquinas, equipos industriais e/ou equipos electromecánicos
 **Formación acreditable** ⌚ 20 horas 🗂️ *Presencial*

Traballadores de mecánica, mantemento e reparación de máquinas, equipos industriais e/ou equipos electromecánicos (industria aeroespacial etc.).

Word. Nivel avanzado

🕒 40 horas 📄 Indistinta

Elaborar documentos mediante a aplicación ofimática de procesador de textos; xestionar táboas, gráficos, organigramas e diagramas; crear referencias nos documentos; utilizar documentos mestre e macros; combinar correspondencia; traballar con outras aplicacións e distribuír documentos desde HTML.

COMERCIO EN LIÑA

Habilidades comerciais

🕒 60 horas 📄 En liña

Dominar as técnicas de comunicación necesarias para manter unha relación eficaz no proceso de venda, ao manexar as técnicas comerciais que se deben utilizar no mesmo. Identificar as mellores calidades dun vendedor, así como as necesidades dos clientes.

Xestión e control de compras e stock en almacén

🕒 30 horas 📄 En liña

Aplicar diferentes modelos de administración e control de inventarios e coñecer as distintas formas de control, xestión e emisión de ordes de pedidos de acordo co stock e coas necesidades dos clientes e da produción, e procurar minimizar o custo do stock.

ADMINISTRACIÓN

Contabilidade, administración e xestión

🕒 90 horas 📄 Indistinta

Adquirir os coñecementos e as técnicas necesarias para realizar a administración e a xestión contable dunha empresa.

Contabilidade: conta de perdas e ganancias, análise de investimentos e financiamento

🕒 60 horas 📄 En liña

Adquirir coñecementos sobre os aspectos fundamentais da contabilidade na empresa, entender e analizar un balance, identificar o concepto de perda e ganancia, relacionar os diferentes aspectos de elaboración orzamentaria e planificación económica financeira, os tipos de inversión e os seus métodos de valoración e analizar as decisións financeiras.

RR. HH. E EQUIPOS

Habilidades directivas e xestión de equipos

🕒 65 horas 📄 Indistinta

Adquirir coñecementos e habilidades en canto ás funcións e competencias directivas e á xestión de equipos de traballo.

Salario e contratación

🕒 100 horas 📄 Indistinta

Adquirir coñecementos sobre as obrigas legais que a empresa esixe que o traballador e a administración cumpran nos ámbitos da Seguridade Social e do traballo e coñecer o procedemento de inscrición, afiliación e baixa de traballadores na Seguridade Social e as modalidades de contratos de traballo. Adquirir tamén as habilidades para realizar o cálculo e liquidación das cotizacións á Seguridade Social e as nóminas do persoal e cubrir os impresos oficiais.

Nóminas a nivel de usuario

🕒 80 horas 📄 Presencial

Coñecer os aspectos básicos dunha nómina para unha correcta interpretación na súa vida laboral e persoal.

Xestión de equipos

🕒 80 horas 📄 En liña

Adquirir coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para configurar e xestionar equipos de traballo produtivos e obter o máximo rendemento.

Xestión integrada de RR. HH.

🎓 Formación acreditable 🕒 80 horas 📄 En liña

Realizar a xestión administrativa das actividades vinculadas á administración de recursos humanos e da información derivada no marco dunha organización, de acordo cos obxectivos marcados, as normas internas establecidas e a lexislación vixente.

IDIOMAS

Inglés técnico naval

🕒 50 horas 📄 Mixta

Preparar os profesionais para que afronten textos en inglés relacionados co mundo marítimo.

Inglés A1 / Iniciación

🕒 50 horas 📄 Mixta

Conseguir un nivel elemental de comprensión oral e escrita e de expresión e interacción oral e escrita que permita que o alumnado faga intercambios comunicativos moi simples e controlados sobre temas familiares e habituais destinados a satisfacer necesidades de tipo inmediato, con falantes que se esforzan por facerse entender. Este programa formativo proporcionará ao alumnado a formación e a aprendizaxe en lingua inglesa necesaria para que poida presentarse ás probas de acreditación oficial do nivel A1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

Inglés A2 / Básico

🕒 50 horas 📄 Mixta

Capacitar o alumnado para utilizar o idioma de maneira sinxela pero adecuada e eficaz, para que poida comprender, expresarse e interactuar de modo oral e escrito en situacións cotiás que requiran comprender e producir textos breves, en diversos rexistros e en lingua estándar, e que versen sobre aspectos básicos concretos de temas xerais e que conteñan expresións, estruturas e léxico de uso frecuente. Este programa formativo proporcionará ao alumnado a formación e a aprendizaxe en lingua inglesa necesaria para que poida presentarse ás probas de acreditación oficial do nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

Inglés B1 / Intermedio

🕒 50 horas 📄 Mixta

Utilizar o idioma con certa seguridade e flexibilidade, de maneira receptiva e produtiva, oralmente e por escrito; mediar entre falantes de distintas linguas en situacións cotiás e menos frecuentes que requiran comprender e producir textos nunha variedade de lingua estándar, con estruturas habituais e un repertorio léxico común non moi idiomático, e que versen sobre temas xerais, cotiáns ou de interese persoal. Este programa formativo proporcionará ao alumnado a formación en lingua inglesa necesaria para que poida presentarse ás probas de acreditación oficial do nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

Inglés B2 / Intermedio avanzado

🕒 50 horas 📄 Mixta

Capacitar o alumnado para utilizar o idioma con soltura e eficacia en situacións habituais e máis específicas que requiran comprender, producir e tratar textos orais e escritos, conceptualmente e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar, cun repertorio léxico amplo aínda que non moi idiomático, e que versen sobre temas xerais, actuais ou propios do campo de especialización do falante. Este programa formativo proporcionará ao alumnado a formación en lingua inglesa necesaria para que poida presentarse ás probas de acreditación oficial do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

PRL nivel básico de construción

🎓 Formación acreditable 🕒 60 horas 📄 Mixta

Este curso está especificado no Acordo estatal do sector do metal e con el acadará os coñecementos requiridos para o desempeño das funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

PRL construción (por oficio)

🎓 Formación acreditable 🕒 20 horas 📄 Presencial

Segundo o oficio demandado.

PRL seguridade en espazos confinados no sector naval

🎓 Formación acreditable 🕒 8 horas 📄 Presencial

Evitar danos asociados ás tarefas que se realicen en espazos confinados, concretamente en traballos en recintos con aberturas limitadas de entrada e saída, ventilación desfavorable, con posible acumulación de gases tóxicos ou inflamables e non concibidos para unha ocupación continua.

VIARIOS

Loita contra incendios no sector naval

🕒 80 horas 📄 Presencial

Adquirir os coñecementos e as habilidades necesarias en loita contra incendios, para realizar labores de prevención e extinción como equipo de primeira intervención ante conatos de incendios.

Aplicación práctica de BIM en proxectos de edificación con REVIT

🕒 80 horas 📄 Presencial

Xerar e xestionar a información do modelo BIM, ao utilizar como plataforma de deseño un dos programas informáticos de referencia no panorama actual da arquitectura e enxeñería, Revit 2018 ou versión posterior de Autodesk, mentres se resolve con actividades prácticas un proxecto de edificación.

Interpretación de planos

🕒 80 horas 📄 Indistinta

Interpretar o sistema de presentación gráfica utilizada en todo o tipo de planos, adquirir os coñecementos necesarios en relación coas normas de representación dos mesmos e utilizar as diferentes técnicas como a escala, a liña e o acoutamento.

Xestión de calidade e medio ambiente / Xestión ambiental

🕒 80 horas 📄 En liña

Adquirir os coñecementos requiridos para implantar e desenvolver sistemas de xestión integrados nas empresas.

Planificar, programar, documentar, implantar e xestionar os sistemas de calidade baseados en normas ISO 9000 e ISO 14000.

Integrar os sistemas de xestión de calidade e medio ambiente.

Conseguir un aforro de custos de xestión e a certificación no seu caso.

Manipulación de alimentos

🎓 Formación acreditable 🕒 80 horas 📄 Presencial

Adquirir os coñecementos, as destrezas e actitudes necesarias para aplicar, no seu posto de traballo, un comportamento correcto e as técnicas adecuadas de hixiene e sanidade alimentaria en manipulación de alimentos para impedir a súa contaminación e previr posibles alteracións alimentarias nas especialidades de industrias alimentarias, hostalería e outras para cuxo exercicio profesional sexa necesaria.

Técnicas básicas de primeiros auxilios

🕒 80 horas 📄 Mixta

Aplicar as técnicas básicas de primeiros auxilios en diferentes situacións nas que se poidan producir hemorragias, traumatismos, queimaduras, asfixias e afogamentos. Partir dos elementos que se poden encontrar nunha caixa de primeiros auxilios e realizar unha exploración adecuada das posibles vítimas.

Formación dentro do sector

FABRICACIÓN MECÁNICA

Carpintería de metal

 90 horas  Presencial

Realizar a construción e a instalación de xanelas, portas, biombos e cerramentos para vivendas, locais comerciais e naves industriais en metais.

Tratamentos superficiais

 Formación acreditable  190 horas  Presencial

Cofecer os diferentes campos dos tratamentos superficiais que se deben realizar dentro da área profesional das operacións mecánicas e proporcionar os cofecementos necesarios para realizar tratamentos superficiais.

Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial

 Formación acreditable  530 horas  Presencial

Realizar operacións de elaboración, ensamblaxe e montaxe de tubaxes, accesorios e elementos incorporados, así como operacións básicas de unión seguindo os procedementos establecidos, interpretando planos e documentación técnica, atendendo e respectando en todo o momento as normas de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.

Inspección de soldadura

 65 horas  Presencial

Adquirir habilidades na realización de inspeccións mediante a técnica de ultrasón, valorar os requisitos e discriminar as condicións de procedemento.

Máquinas ferramenta de control numérico (CNC)

 60 horas  Presencial

Mecanizar pezas con máquinas ferramenta de control numérico.

Soldadura con eléctrodo revestido e TIG

 Formación acreditable  640 horas  Presencial

Realizar soldaduras con arco eléctrico con eléctrodos revestidos e soldaduras con arco e gas protector con eléctrodo non consumible (TIG) de acordo coas especificacións de procedementos de soldadura (WPS), cos criterios de calidade, seguridade e respecto polo medio ambiente.

Soldadura MAG

 40 horas  Presencial


Realizar unións mediante a soldadura MAG.

Soldadura MIG

 40 horas  Presencial

Realizar unións mediante a soldadura MIG.

Oxicorte e corte con plasma para manexo de chatarra

 60 horas  Presencial



Adquirir cofecementos especializados, tanto teóricos como prácticos, para a realización de traballos de oxicorte e corte con plasma, co establecemento dos principais criterios que rexen o seu funcionamento e con moi especial énfase en todos os aspectos relativos á seguridade.

Soldadura láser (gas e con eléctrodo)

 20 horas  Presencial

Formar no cofecemento dos principios teóricos e sobre todo prácticos da tecnoloxía de soldadura de materiais metálicos con láser. Dar a cofecer o conxunto de actividades desenvolvidas nos talleres de aplicacións láser sobre procesos de soldadura de materiais metálicos, coa consideración explícita de problemas de seguridade e hixiene no manexo de ditos sistemas. Comparar a calidade e o custo de procesos industriais de soldadura realizados con láser en relación con outras tecnoloxías para a valoración do interese industrial do mesmo.

Soldadura debaixo da auga

 200 horas  Presencial

Cofecer as técnicas de soldadura GTAW e as tensións en soldadura.

Formación fóra do sector

LOXÍSTICA

Actividades auxiliares de almacén

 Formación acreditable  210 horas  Indistinta

Realizar operacións auxiliares de almacén, recepción, desconsolidación, localización básica, preparación e expedición de cargas e descargas, de maneira coordinada ou en equipo e baixo a supervisión dun responsable e as instrucións recibidas. Aplicar os procedementos e equipos adecuados en condicións de produtividade e respectar a normativa de seguridade, saúde e prevención de riscos.

Organización e xestión de almacéns

 Formación acreditable  390 horas  Indistinta

Organizar e controlar as operacións e os fluxos de mercadorías do almacén de acordo cos procedementos establecidos e a normativa vixente e asegurar a calidade e a optimización da rede de almacéns e/ou cadea loxística.

AGRARIA

Agricultura ecolóxica

 30 horas  Indistinta

Adquirir os fundamentos relativos ás técnicas básicas para o manexo de explotacións agrícolas con métodos e prácticas ecolóxicas.

INSTALACIÓN E MANTEMENTO

Aire acondicionado e climatización

 60 horas  Mixta

Realizar a instalación, posta en marcha e o mantemento de equipos de aire acondicionado e climatización.

Domótica

 40 horas  Indistinta

Adquirir os cofecementos con respecto á automatización en integración en vivendas e edificios así como os métodos de instalación e configuración do sistema KNX-EIB, estándar recollido pola norma EN50090, e que garante a compatibilidade entre compoñentes dos principais fabricantes do sector.

Instalación e supervisión dun desenvolvemento domótico

 180 horas  Mixta

Dotar dos cofecementos para poder instalar todos os elementos domóticos necesarios nun deseño de habitabilidade domótica, así como todo aquilo que facilite a súa supervisión.

Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica

 Formación acreditable  480 horas  Presencial

Realizar a instalación de tubaxes: preparar, cortar e unir tubos de diferentes tipos de materiais segundo o tipo de instalación e montar ou desmontar aparatos sanitarios, radiadores e aparatos de climatización de uso doméstico, coas condicións adecuadas de calidade e seguridade de acordo coas normas establecidas.

Polimantedor industrial

 Formación acreditable  465 horas  Presencial

Empregar as distintas tecnoloxías no mantemento industrial, co obxectivo de acadar as competencias idóneas e propias dun mantedor polivalente.

EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL

Aplicación práctica de BIM en proxectos de edificación con REVIT

 Formación acreditable  70 horas  Presencial

Xerar e xestionar a información do modelo BIM, ao utilizar como plataforma de deseño un dos programas informáticos de referencia no panorama actual da arquitectura e enxeñaría, Revit 2018 ou versión posterior de Autodesk, mentres se resolve con actividades prácticas un proxecto de edificación.

ENERXÍA E AUGA

Enerxías renovables: especialidade biomasa

 70 horas  Indistinta

Manexar conceptos básicos que interveñen na xestión enerxética baseada na biomasa.

Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas

 Formación acreditable  420 horas  Presencial

Efectuar, baixo supervisión, a montaxe, posta en servizo, operación e o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas coa calidade e seguridade requiridas e segundo a normativa vixente.

Xestión da montaxe e do mantemento de parques eólicos

 Formación acreditable  460 horas  Presencial

Efectuar a coordinación da montaxe, posta en servizo e xestión da operación e o mantemento de parques e instalacións de enerxía eólica, coa calidade e seguridade requiridas e segundo a normativa vixente.

Xestión e eficiencia enerxética

 100 horas  En liña

Cofecer o contexto enerxético, o marco normativo e os procedementos de aforro e eficiencia enerxética.

FABRICACIÓN MECÁNICA

Fundamentos de robótica

 50 horas  Indistinta

Aplicar a robótica aos procesos industriais.

OUTROS

Hidráulica básica

 20 horas  Indistinta

Cofecer os principios físicos e os compoñentes das instalacións hidráulicas e aprender como aplicarlos no ciclo integral da auga, ao ser un traballador ou unha traballadora do sector da auga.

Extinción de incendios e salvamento para brigadas

 50 horas  Indistinta

Auxiliar e protexer as persoas e os bens e controlar e extinguir os incendios utilizando os medios adecuados, para intervir en calquera lugar onde se produza unha emerxencia, un accidente ou unha catástrofe.

Autoemprego

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

Financiamento empresarial

 48 horas  Indistinta



Adquirir os cofecementos necesarios para levar a cabo a planificación financeira, analizar as fontes de financiamento nacionais e internacionais e os instrumentos de cobro e pago e xestionar o fluxo de fondos da empresa e a liquidez.

Comunicación, asertividade e escoita activa na empresa

 25 horas  Indistinta


Adquirir destrezas que favorezan habilidades e técnicas eficaces na comunicación interna da empresa.

Creatividade e innovación empresarial e profesional

 75 horas  Indistinta



Adquirir cofecementos sobre o concepto de innovación, e a relación entre esta e a creatividade, e sobre a importancia do capital humano nos procesos de innovación.

Homologación 6G e 6GR

 **40 horas**  **Presencial**



A soldadura 6G é a proba máis utilizada para avaliar a certificación dun soldador. Neste curso, o alumnado deberá saber previamente como dar un pase de raíz, ademais de encher e peitear sen problema nunha tubaxe con preparación de bordos. En soldadura, unha posición 6G require que se coloque un tubo nun ángulo de 45 graos. Isto presenta unha posición moi desafiante para un soldador, que utiliza todas as súas habilidades e unha variedade de posicións corporais para acadar unha da probas máis complicadas.

Introdución de aceiros HSLA en estruturas navais

 **16 horas**  **Presencial**



Cofecer e analizar a soldabilidade dos aceiros HSLA.

Curso de formación xeral en materiais compostos (COMPOSITES)

 **40 horas**  **Presencial**

Adquirir coñecementos sobre materiais compostos fabricados con resinas termoestables e fibras de reforzo facendo especial hincapié nas resinas de poliéster, viniléster, uretano, acrilato e epoxi.

Habilitador naval

 **80 horas**  **Presencial**

Capacitación para a montaxe de paneis, teitos, portas, pavimentos e mobiliario.

Caldeirería industrial

 **80 horas**  **Presencial**

Interpretar planos de construcións metálicas. Construír elementos de estruturas metálicas: organizar o proceso de traballo e efectuar as operacións de trazado, corte, conformado e ensamblaxe de chapas e perfís por medio de soldadura e parafusos, segundo os planos e os esbozos. Trazar figuras xeométricas planas e elementos estruturais de construcións metálicas. Trazar e desenvolver cilindros, conos e tolvas. Para a construción de estruturas metálicas, recipientes e conducións de fluído.

Interpretación de planos mecánicos e de caldeirería

 **60 horas**  **Presencial**

Interpretar e despezar correctamente planos de caldeirería e construcións metálicas con conxuntos sinxelos.

Control dimensional en 3D

 **25 horas**  **Presencial**

O curso prepara o alumnado para poder afrontar a definición e elaboración do proceso de dixitalizado 3D tanto para a Enxeñería inversa (deseño e fabricación) como para o control de calidade (comparativa CAD).

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA



Electricidade naval

 **60 horas**  **Indistinta**

Cofecer os fundamentos da electricidade en buques.

Deseño e montaxe de cadros eléctricos de BT.

Compensación de enerxía reactiva

 **25 horas**  **Presencial**

- Adquirir coñecementos básicos de electricidade.
- Adquirir coñecementos sobre proteccións magnetotérmicas e diferenciais.
- Adquirir coñecementos de selectividade e filiación das proteccións.
- Interpretar esquemas unifilares eléctricos.
- Dimensionar o quadro eléctrico en función da aparelaxe.
- Realizar montaxes de cadros eléctricos.
- Realizar deseños de cadros eléctricos mediante software comercial.
- Manexar os aparatos de medida en circuitos eléctricos.
- Manexar ferramentas para a montaxe de cadros eléctricos.
- Compensación de enerxía reactiva.
- Factores de risco eléctrico.

Mantemento industrial

 **150 horas**  **Mixta**

Organizar e supervisar o mantemento industrial de instalacións: dominar os niveis de mantemento e a análise de tempos.

Cálculo de estruturas e elementos estruturais con CYPE

 **Formación acreditable**  **30 horas**  **Indistinta**

Utilizar a ferramenta de Software CYPE para a arquitectura, a enxeñería e a construción e para o cálculo de estruturas e elementos estruturais.

INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

Arquitectura big data

 **165 horas**  **Indistinta**

Cofecer con profundidade os diferentes paradigmas de procesamento en sistemas big data e dominar as principais tecnoloxías e a súa utilización para o deseño de arquitecturas escalables adaptadas a cada proxecto.

A fibra óptica

 **50 horas**  **Indistinta**

Adquirir os coñecementos sobre os conceptos básicos da fibra óptica.

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

Dispositivos e circuitos eléctricos

 **60 horas**  **Mixta**


Adquirir coñecementos en canto ao esquema e ao funcionamento de dispositivos e circuitos eléctricos.

Montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial

 **Formación acreditable**  **390 horas**  **Indistinta**

Montar e manter sistemas de regulación e control en instalacións industriais: aplicar as técnicas e os procedementos requiridos en cada caso, conseguir os criterios de calidade e cumprir os plans de prevención de riscos laborais e medioambientais da empresa e a normativa vixente.

Robótica colaborativa avanzada

 **20 horas**  **Presencial**

Utilizar as características avanzadas dos robots colaborativos ao conectar e operar o robot en remoto.

Inxección de plásticos

 **36 horas**  **Presencial**

Dar a cofecer unha visión global dos procesos de inxección de plásticos, desde a concepción da peza e o material máis apropiado, o desenvolvemento dos utensilios e os procesos de inxección.

TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS

Circuitos eléctricos automóbil

 **30 horas**  **Presencial**

Cofecer a composición e o funcionamento tanto dos circuitos eléctricos tradicionais como os dos novos e recentes circuitos e obter coñecementos avanzados sobre sistemas multiplexados e CAN BUS (diferenzas e obxectivos de utilización).

INSTALACIÓN E MANTEMENTO

Mantemento industrial avanzado

 **210 horas**  **Mixta**

Realizar o mantemento de instalacións industriais.

Mecánico naval

 **80 horas**  **Presencial**

Mantemento preventivo, predictivo e correctivo dos sistemas electrónicos ou da maquinaria que teñen os buques.

Mantemento industrial

 **150 horas**  **Mixta**

Organizar e supervisar o mantemento industrial de instalacións: dominar os niveis de mantemento e a análise de tempos.

Análise de contas anuais na empresa

 **20 horas**  **Indistinta**

Analizar o estado económico e financeiro da empresa a través dos cocientes de endebedamento, da solvencia a curto prazo e do fondo de manobra; xestionar os prazos de cobro e de pago; adquirir coñecementos dos estados contables previsionais e determinar a situación patrimonial, financeira e económica da empresa.

Dirección empresarial para emprendedores

 **150 horas**  **Indistinta**

Adquirir as capacidades para crear e liderar a súa propia organización nunha contorna competitiva, global e dinámica.

Estratexia e comunicación empresarial

 **60 horas**  **Indistinta**

Adquirir as nocións básicas de comunicación empresarial para acadar unha boa comunicación co equipo de traballo, así como para dirixir e planificar de forma estratéxica.

Xestión empresarial

 **55 horas**  **Indistinta**

Adquirir conceptos básicos da contabilidade e da xestión e familiarizarse coas novas ferramentas electrónicas de xestión empresarial.

Plan de negocio en microempresas

 **60 horas**  **Indistinta**

Adquirir coñecementos sobre os compoñentes e os procesos de creación dun plan de negocio en microempresas.

Política industrial: lexislación e dirección de empresas

 **100 horas**  **Indistinta**

Adquirir coñecementos sobre a lexislación industrial, o dereito empresarial, as políticas industriais e a xestión e a dirección de empresas.

Análise de problemas e toma de decisións

 **30 horas**  **Indistinta**

Adquirir coñecementos en canto á observación e análise de problemas, á toma de decisións e á comprobación do curso normal das situacións.

Xestión de compras e aprovisionamento

 **40 horas**  **Indistinta**

Diferenciar as funcións de compras e aprovisionamento dentro da xestión global do negocio.

Habilidades directivas: influir, motivar e tomar decisións

 **60 horas**  **Indistinta**

Adquirir os coñecementos e as habilidades necesarias para mellorar o compromiso e a motivación dos membros da organización e para entender, afrontar e desenvolver actitudes favorables ante a toma de decisións e a negociación na resolución de conflitos.

COMERCIO E MÁRKETING

Planificación da internacionalización de empresas

 **150 horas**  **Indistinta**

Realizar unha reflexión estratéxica na toma de decisións para a internacionalización eficaz da empresa, desde o punto de vista organizativo na súa saída e na súa consolidación exterior. Adquirir os coñecementos relativos á internacionalización empresarial e ferramentas, ao márketing internacional, ás barreiras do comercio internacional, aos medios de pago e á loxística e o transporte.